

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 9 de decembro de 2021.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 9 de decembro de 2021**, ás 17:00 horas, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2021/62S/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente ao día 17 de novembro de 2021.

2. 2021/16543H PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do concello de Nogueira de Ramuín.

3. MOCIÓNS DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

